

## POLOS BURACOS DA MEMORIA

Francisco Xavier Carro Rosende  
Universitat d'Alacant

**Resumo:** O presente ensaio é unha evocación das vivencias biográficas compartidas polo autor e Carlos Casares na cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, ao longo do texto son expostos algúns aspectos descoñecidos arredor do proceso de creación de varias obras literarias de Carlos Casares.

**Abstract:** This essay is an evocation of the biographical experiences shared by the author and the famous Galician writer Carlos Casares in the city of Santiago de Compostela. Furthermore, some unknown aspects around the process of creation of several literary works by Carlos Casares are exposed in this text.

**Palabras chave:** Carlos Casares, literatura galega, biografía, creación de obras literarias.

**Key words:** Carlos Casares, Galician literature, biography, creation of literary works.

A partida cara ao alén de Carlos Casares deixou un oco grande, moi grande. A súa ausencia significa unha marxe imposible de encher no noso quefacer cotián, cando lembramos o xeito en que o día se abría con ledicia e recendía a café con leite. Cantas veces as súas historias foron os primeiros compañeiros de tanta xente, entre eles eu, amigos desde aqueles primeiros anos en Compostela! Foron anos intensos, de soños, inocencias e aprendizaxes, de interminables conversas e achados que nos facían completamente felices. Os libros e o cineclub trasladá-bannos daquela monótona e plúmbea cidade a outra de íntima e resplandecente fermosura que se abría como unha rosa de cen follas na nosa colmada e ardente imaxinación. E cando a morriña ou a melancolía apertaban moito, con urxencia e sen dilación, contadas e ben recontadas as pesetas, os batidos ou os amorodos con nata do café Avenida repuña os nosos decaídos ánimos.

Coñecín a Carlos da man de Arcadio. Iso sería alá polo ano 1961. Marchara a Madrid estudar Románicas, con Marina Mayoral e Xurxo Ricoy. Regresara uns días antes das vacacións de Nadal e foi cando amigamos, desde o primeiro

momento que estreitamos a man. Amizade que se consolidou co paso do tempo e que se reafirmaría de xeito definitivo cando regresei a Santiago a preparar oposicións no ano 1965 e Carlos comezou a estudar por libre a especialidade de Románicas, acabada de crear naquela universidade. Arcadio regresara a Lugo, mais Carlos e eu viámolo de tanto en tanto cando baixaba das súa terras luguesas. Nesta segunda etapa, presenteiille a Luís Mariño. Era un amigo inseparable meu desde os tempos do instituto. A literatura era unha ligazón fortísima que nos unía. Líamos con paixón. Eramos lectores desaforados, auténticos *lletraferits*. En broma diciámonos que se ardesa a biblioteca de algún de nós, poderíamola repoñer cos libros que enchían os andeis do outro. O único que nos separaba é que tiña ademais libros de marxismo e de ciencia política.

Vou falar da miña amizade con Carlos tal como era, sen adornos. Fago miñas as palabras de Arcadio coas que describe a súa relación, as cales me acaen tamén a min: “os dous eramos tímidos e participabamos dunha sentida vivencia relixiosa”. Desde o comezo, a miña casa, na Rúa Nova, estivo sempre aberta para Carlos. Alí pasou moitas tardes falando e lendo. Nunha desas saíu na conversa de xeito casual que era parente do arcebispo de Santiago de Cuba, Enrique Pérez Serantes, e foi cando lle dixen que o coñecía e que sempre que viña por Santiago, comía na casa coa miña familia. O meu padriño, Lago Cizur, que fora o maxistral da Habana, e o seu tío coincidiran como alumnos e logo como profesores no seminario de San Carlos e San Ambrosio. Os dous eran galegos e moi amigos. Lémbrome das longas sobremesas onde non faltaban espléndidos “vegueros” e o forte e aromático café. Acórdome da súa última visita. O arcebispo xa non podía subir escaleiras. Era un home de grande estatura e padecía de flebite, de maneira que non puido ir por casa. O seu parente, o avogado Manolo Rodríguez pasou para nos avisar de que o arcebispo se aloxaba na Casa Sacerdotal no Preguntoiro. Aquela mesma noite, acompañei o meu padriño a visitalo. Ao día seguinte, xantaron xuntos e ao se despedir, eu fun testemuña daquel reencontro emocionado de dous vellos e grandes amigos: déronse unha forte aperta, anunciando que a próxima sería xa no ceo. Aquela casualidade veu selar unha forte e sincera relación de amizade entre nós e tamén entrambas as familias, xa que máis tarde serían os seus pais quen visitaron ao meu padriño.

Josep Pla escribiu sobre os amigos e distinguía tres categorías de persoas: amigos, coñecidos e saudados. A reflexión, irónica e non exenta de humor, semella acertada. Moitas veces meditei sobre a certa clasificación do empordanés e pensei como todos somos dados a empregar a palabra amigo cunha gran lixeireza, baleirándoa do seu fondo contido. Creo que durante a súa estadía en Santiago, Carlos fraguou unha amizade duradeira con Arcadio, Salvador García-Bodaño e comigo mesmo, sen contar claro está, coa de don Ramón e, máis adiante, a

de Mariño. Salvador García-Bodaño era maior ca nós, estaba casado, era pai de familia e tiña as consabidas obrigas laborais. Asemade, gozaba da nosa admiración como poeta e de nosa amizade.

Ao longo dos anos, lin diferentes textos sobre Carlos en Compostela e teño a impresión de que case todos os autores escriben como se foran inseparables cronistas do escritor durante aqueles días. Creo que se esaxera ou se incide de máis en determinados extremos. É certo que como estudante Carlos coñecía bastante xente pero a súa relación con ela era máis ben escasa. Durante os cursos 1965, 66 e 67, como teño escrito noutras ocasións, o noso faladoiro desenvolvíase no café Gaiola. Luís mariño, Carlos e eu mesmo xunto con Fernández Ferreiro, ourensán e periodista de *El Correo Gallego* e *La Noche*. Os catro eramos fixos sen contar con aqueles que se integraban dun xeito espontáneo: Ventura Cores, Xulio Maside, Varela Jácome e moitos máis. E alí estábamos desde as tres ata as cinco menos cuarto. Nas mesas contiguas podíanse atopar rapaces ben diferenciados polas súas diferentes opcións ideolóxicas. Subliño isto porque escribo acerca do Carlos próximo, non do Carlos comprometido e das súas reunións clandestinas con universitarios da JEC ou de ADE ou do Galo que comezaban a bulir e organizarse polas facultades.

Eu escribo verbo dese rapaz taciturno, cariñoso e fraterno que desprendía bondade. Carlos era un home de afectos e recordareino sempre como unha persoa ponderada nos seus xuízos. El botou tardes enteiras na miña casa, ávido de escoitar historias de personaxes anónimos ou falando despois de cear con Germán, quen tiña un postiño de lambetadas e tabaco ás portas da miña casa, ao lado do Teatro Principal. Auténtico emprendedor, cando ninguén falaba de economía, Carlos admirábao porque non entendía como podía vivir cunha economía baseada na venda dos pitos unidade a unidade, ou dunha goma de mascar *Bazoka* ou dun “cucurucho de maní”. Germán montaba o chafariz despois de xantar e mantíñao ata a último pase para o cine. Era amigo dos nenos e dos estudantes. Sempre tiña un sorriso ou un piropo nos labios para a rapaza que se achegaba a comprarlle por cincuenta céntimos un cigarro rubio.

Podería falar moito dos autores que descubriu na miña biblioteca. Coido axeitado citar, entre outros títulos: a novela de Julián Ayesta *Helena o el mar del verano*; *El llano en llamas* de Juan Rulfo; *La región más transparente* de Carlos Fuentes e as obras de Marguerite Duras *El Esquare*, *Días enteros en las ramas* e *Una tarde con Monsieur Andesmas*, textos que deixaron unha pegada fonda no noso escritor. Na miña casa encontraba o que non tiña nas pensións, o sosego e a calor dun fogar onde os reloxos do corredor soaban acompasados e as nosas conversacións transcorrían coa lentitude da luz esvarando sobre os tellados. A literatura era o noso

espazo preferido. Viviamos na literatura e a literatura era tamén a nosa casa. Todo xiraba arredor dos libros que eran luminarias de asombros.

O éxito de *Vento ferido* abriulle as portas a unha relación máis aberta cos outros. Ese carácter reservado quedaba velado pola súa afabilidade e simpatía. Sabía escoitar a xente cun lene sorriso nos labios, facerse unha persoa próxima aos demais. Creo que a partir deses momentos, opérase un cambio radical en Carlos. Escritor poliédrico, cultivou case todos os xéneros: novela, conto e poesía, ensaio, biografía, e mais o artigo periodístico, con gran talento, forza creadora e amabilidade, á parte da súa incursión no eido da literatura infantil. Na miña opinión, Carlos foi o primeiro escritor profesional que houbo na nosa literatura, o primeiro en cultivar o achegamento ao seu público. Debíase aos seus lectores: acudía a canta invitación tiña para estar presente nunha conferencia ou xuntanza, fose arredor da súa obra ou sobre calquera outro tema. A súa opinión era sempre tida en conta. Os seus xuízos atinados, encaixaban nunha visión non exenta de humor que collía o interlocutor por sorpresa. Carlos transmitía simpatía. Era un narrador oral excepcional, un encantador coa palabra que persoalmente fascinaba os seus oíntes. Con el endexamais pesaba o tempo.

Casares viviu en diferentes pensións. Arcadio lembra a primeira, situada en Raxoi, chea de xente que entraba e saía constantemente. Un lugar de portas francas. A segunda foi en Xelmírez, onde compartiu cuarto co poeta lugués, limpa e silenciosa, excelente. Con anterioridade, alí vivira Franco Grande. Coido que foi o mellor aloxamento que tivo en Santiago. Logo, pasou por cuartos escuros, cubículos para durmir e saír zumbando. El repartía o día entre a Biblioteca da facultade, as clases que lle interesaban, as cafeterías e as casas dos amigos que eran o seu refuxio. Esa súa vida compostelá tivo tamén o seu contrapunto. As catro casas que lle deron abeiro a un errabundo estudante solitario foron, ademais da miña, a de Piñeiro, a de Salvador García-Bodaño e a de Luís Mariño. Todas diferentes e con funcións distintas. Algunha delas inspirou, máis ou menos, un domicilio que aparece na súa novela *Xoguetes para un tempo prohibido*. En todas estas casas, Carlos estivo a gusto e foi acollido con agarimo. Talvez foran un sosego para a morriña do fogar familiar distante. Mais, de certo, outras foron un mundo descoñecido de encontros e experiencias novas para un rapaz acabado de chegar dunha cidade pequena e coñecida coma a palma da man, vilega e provinciana. Cada unha tiña o seu carácter. Pero todas tiñan algo en común: o espazo pechado, fronte ao aberto da cidade descoñecida e estraña. Eran acougo e protección fronte á desprotección e mais a soidade, eran casas que o blindaban dese tempo e dese frío húmido que se mete máis aló dos adentros. O lar de Salvador, bulicioso e alegre, con nenos polo medio, onde os faladoiros e discusións tiñan aire festivo. Unha casa familiar e acolledora. No número 15 da rúa Xelmirez, unha vez traspasada a

porta, don Ramón recibía cunha alegría e cun afecto difíciles de describir. Alí percibiamos unha magnanimidade e a calor humana dunha persoa que te acollía de verdade. Sabia e sincera, a súa palabra iluminaba e confortaba. Era unha casa no alto. En contraste, aberta como unha farmacia de garda era a casa de Luís, a cal ía cobrando vida cara á noite. Música, tabaco e tragos longos, discusións alporizadas e remansos tensos que subían os graos do estudio ata que o fume puña area nos ollos e os diálogos íanse apagando nos cinceiros. A miña era a casa dos meus avós e do meu padriño, onde os reloxos acompañaban o ritmo monótono e austero das horas. O resto era ausencia e tristura. Libros e silencio, estudo e pasos apagados por un corredor flanqueado por dúas galerías polas que entraba a alegría da luz. En todas elas, Carlos falou e discutiu, leu e riu, tamén aprendeu moito e sobre todo escoitou o saxo desgarrado de John Coltrane ou a voz melodiosa de Jacques Brel orballando melancolías no seu corazón.

Non quero pasar por alto algúns feitos relacionados coa creación dalgunhas das súas obras que aconteceron na miña casa. Recordo que a triloxía do terceiro premio das Festas Minervais de 1963 foi escrita alí nunha tarde de domingo. Lémbrame que a pegada de Antonio Tovar era claramente manifesta. E tamén coído que a peza de teatro infantil *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* ten algo que ver cun programa televisivo, o famoso *Un, dos, tres*, levado polo presentador Kiko Ledgard. Kristina e Carlos apareceran pola casa sobre as dez e media. Viñan de Ourense pasar a fin de semana a Santiago. Uníranse a nós co gallo de ver o programa que non coñecían e Carlos seguino con deleite e quedou encantado co remate final da cabaza que estouraba e deixaba caer tirando sobre os concursantes unha morea de regalos. Indiscutiblemente, foi ese final o que inspirou ese momento sobre o escenario no cal

a laranxa abre, no medio da ledicia xeral. Abre pouquiño a pouco. O primeiro en meter a mau na morea de cousas que veñen dentro e o veciño Gordo que saca, coa satisfacción de todos, o único bocadillo do mundo que lle podería matar semellante fame. Despois, é a veciña Desdentada, que saca unha bicicletña pequena...

Moitos críticos e lectores consideramos *Deus sentado nun sillón azul* como unha obra de madurez, sen dúbida a súa mellor novela. Nela atopamos algunhas claves da escrita do autor limiao coma a súa meticulosidade e miudeza descritiva, o gusto polo tempo lento e o enfoque narrativo que atopamos: esa muller que observa detrás dunha ventá da súa casa o salón da casa que ten de fronte e onde se senta un home nunha cadeira de brazos azul. Ao longo da narración imos descubrindo o nobelo das súas vidas no marco dunhas circunstancias sociais e políticas. O

importante é que a perspectiva visual que describe está fundada nunha experiencia persoal que viviu o propio Carlos na miña casa. Relato do xeito máis breve posible o feito: o meu cuarto abríase por unha porta de cristal á galería que daba á Rúa Nova. O domicilio de enfronte era a casa da familia de don Xaquín P. Acotío, Carlos asomábase á galería desde onde guichaba un salón isabelino tomado polas sombras onde borrosos reflexos se afogaban nas cornucopias. Cando o tempo se puña morno, a carón do balcón aparecía unha cadeira de veludo vermello onde sentaba un venerable ancián de barba branca. Inmediatamente tiven que lle contar quen era aquel personaxe que sorrinte nos saudaba coa man. Aí está a xénese desa perspectiva que emprega o noso autor para relatar as historias de quen mira e daquel que é o suxeito deses ollos que axexan o protagonista. Cómpre engadir que, para a documentación da novela, pedíume que lle emprestase a novela *Eugenio o la proclamación de la primavera*, de Rafael García Serrano.

Por outra banda, tamén quería aclarar algún acontecemento do que se fala ou escribe de xeito incompleto ou sen toda a información ao respecto. O primeiro deles foi a manifestación pública de universitarios galeguistas ante as autoridades civís e militares da rexión no acto da entrega dos premios das Festas Minervais do curso do 1964, con motivo da creación en Valladolid do *Polo de desarrollo económico de Galicia*. Estaba aquela mañá na facultade agardando para entrar na clase de Literatura Portuguesa cando chegou Xurxo Ricoy coa prensa do día e mostroume a primeira plana dun xornal na que figuraba a noticia. Aquilo pareceunos unha ofensa tan grande e un disparate aínda maior que os dous coincidimos en que tiñamos que reaccionar como galegos dalgún xeito. Era un xaneiro frío e bretemoso. As árbores eran espectros esbrancuxados e as aulas acuarios asolagados nun mar de algodón. Ao remate da clase díxenlle que aquela semana celebrábase as Minervais e o mellor era ir a Compostela e protestar no acto de entrega de premios. Don Ramón Otero Pedrayo era o mantedor dos Xogos. E alá marchamos, non sen antes pasar polo banco onde traballaba Raimundo Patiño para que nos dese algunha idea. O primeiro que nos dixo foi que o mellor era tirarse da torre do reloxo envoltos na bandeira galega. Ningún dos dous tiña madeira de heroe e, por suposto, ante tal tolería dixémoslle que diso nada. A segunda proposta foi subir á torre das campás e comezar un repique entolecido que atronase a cidade no momento da celebración do acto no Hostal dos Reis Católicos. Despedímonos e dixémoslle que faríamos o que mellor conviña. Pola noite subimos ao tren expreso embargados pola emoción da nosa nobre misión.

Sorpresa grande houbo na casa cando abriron e me atoparon no marco da porta co meu amigo Ricoy. Despois de asearnos e tomar un reconfortante almorzo, fomos á pensión de Arcadio e de Casares. Sacámoslos da cama e explicámoslles o motivo da nosa presenza. Quedaron abraiados cando lles expuxemos que pensabamos que

o mellor era que os poetas premiados dixesen unhas palabras de protesta e rexeitamento perante a ofensa cometida. Eles quedaron encargados de falar con Salvador e cos rapaces do Galo, mentres que nós visitabamos a Piñeiro e tamén fomos ao Hotel Compostela para falar con don Ramón Otero Pedrayo, quen nos prometeu que o tería en conta. Sobre as sete e media foise enchendo a capela do Hostal. Estudantes e curiosos agardaban o inicio do acto. Gobernadores civís e militares, Reitor e Alcalde da cidade e demais autoridades locais. Desfile procesional, entrada da Raíña dándolle o brazo ao Mantedor e damas de Honor acompañadas dos poetas laureados entre aplausos e a luzada dos flashes. Rematada a lectura da acta na que o xurado outorgaba os premios: o primeiro premio e Flor Natural a Arcadio López-Casanova, segundo premio a Salvador García-Bodaño e Carlos Casares Mouriño, o terceiro. Don Ramón Otero Pedrayo, na quenda da palabra por mor das gabanzas dedicadas á Raíña, cambiou o discurso e con aquela voz estentórea e emocionada dirixiuse á bancada das autoridades para dicirlles: “Aquí no hay más autoridad que la Reina de las Fiestas Minervales. Aquí ustedes no mandan nada, en estos momentos en que Galicia...”. Nese momento un fortísimo estrondo de aplausos estalou na capela durante un longo espazo de tempo mentres que don Ramón, levado pola súa forza oratoria despregando os brazos, facía unha emocionada louvanza de Galicia e das súas xentes. Os aplausos interrompían as palabras do Mantedor e as autoridades, con rostros serios, contemplaban atónitos e con incredulidade o que alí estaba ocorrendo. Seguidamente, os poetas leron as súas composicións, non sen antes dedicar unhas palabras a repudiar aquela afronta ao antigo Reino de Galicia. Aplausos e máis aplausos foron ascendendo ata as bóvedas iluminadas cegando aquela noite. Abofé, foi o único día que vin levitar a don Ramón Piñeiro no medio da xente.

Ao outro día, os xornais non recolleron a noticia. Piñeiro, os poetas e uns cantos amigos xuntámonos nun xantar no Bombero, onde degustamos unhas tortillas. Algo que non esquecín e do que me decatei é de que aqueles rapaces galeguistas estaban na inopia. A noticia aquela non chegara a eles. Para nós, aínda que estabamos lonxe, fora unha conmoción que nos irritou fondamente e nos levou a pensar de inmediato nunha protesta.

Despois das tribulacións administrativas e policiais, Carlos encontrou o amor. Foi un amor a primeira vista. Regresaba de Bilbao no tren e no mesmo compartimento do vagón atopouse cunha rapaza sueca, loura e risoña. Desde ese intre tivo nome e habitou o seu corazón. Chamábase Kristina e ía a Portugal para se embarcar, como telegrafista, nun iate que partiría rumbo á India. Pero aquela travesía nunca se fixo. Cambiou a corrente oceánica, polas ondas doces dun amor achado nunha paisaxe de promesas e agarimo. Ben que apenas se entendían, bastaba coa linguaxe universal do amor. E Carlos, nun inglés balbucinte, facía

sorrir e conseguiu que baixase en Santiago onde el exerceu de Virxilio namorado e ante tanta marabilla, o escritor rouboulle o corazón a aquela sueca que traía un mal recordo. Segundo me contaron logo, camiñando pola Rúa do Vilar atoparon a Luís Mariño, que divulgou a quen quixo escoitalo acerca da fermosa sueca que paseaba Casares polas prazas baixo o rumoroso gurgullo das fontes.

“En Compostela, a mia señor, perdeu o mar e encontrou o amor. Carlos soubo consolala levándoa ao submarino onde das augas salgadas o polbo probou”. Os amigos non dabamos creto a aquel súbito namoro e algúns chegaron a pensar que aquilo acabaría como empezara un día. Pero equivocáronse completamente. A sorpresa déunola el anunciando que casaba. Todo dependía do que tardasen os papeis en chegar. O Carlos aprendía nun curso acelerado as palabras máis precisas e fermosas para falarlle das cores máis lindas que poboaban o seu corazón, reloucante de ledicia. Era final de outubro cando casaron. Os días pasaron veloces coma as páxinas dun libro movidas polo vento. A voda celebrouse na igrexa de Beiro e foi o seu tío quen os casou. De Santiago fomos Ramón Piñeiro e Isabel, Salvador García-Bodaño e mais quen isto escribe. De Vigo, Paco del Riego. Unha cerimonia íntima e familiar. Era xa noite cando saímos do templo. Despois reunímonos na casa parroquial arredor dunha longa mesa.

A parella estableceu o seu domicilio en Ourense. Carlos daba clases na Escola de Secretariado, dependente da Caixa de Aforros Provincial e Kristina de inglés nunha academia. Non esquecen Santiago, ás veces quedan na nosa casa a durmir. Durante a comida, Kristina conversaba e ría animadamente co meu padriño porque os dous falaban en inglés. O resto dos comensais, como non entendiamos, non podiamos intervir. A lingua de Shakespeare resistíase nos polo que escoitabamos compracidos e pamos e sorriamos beatíficos entre bocado e bocado. Por esa época comeza a colaborar en *La Región* e inicia unha incesante actividade creadora que se tronará coa súa morte súbita. Non vou entreterme na relación das súas obras, dabondo coñecidas por todos. Así e todo, convén sinalar que actuou coma un grande impulsor da literatura infantil ao escribir obras importantes que inauguran un espazo de altísima calidade. E aínda foi quen de participar en premios, galardóns e colaboracións varias, así como de editar algúns dos nosos clásicos e mais biografías de senlleiras figuras das nosas letras.

Abro un paréntese para comentar que eu fun membro do xurado do Premio de Narrativa Galaxia XXV, concibido para conmemorar a fundación da editorial. Formabamos o xurado: Álvaro Cunqueiro, Torrente Ballester, Paco del Riego e eu, actuando de secretario Ramón Piñeiro. A obra premiada, *Xoguetes para un tempo prohibido*, foi desde o principio a novela escollida polo xurado. A calidade era evidente e apenas houbo discusión. Quedou de finalista *O Cadeixo* de Paco



Martín, aínda que eu defendera esa distinción para *Antón e os inocentes*. O ditame foi decidido en Santiago nunha tarde outonal, tranquila e soleada. A novela de Carlos é unha crónica viva da mocidade universitaria máis inqueda e comprometida dos anos sesenta. É unha novela de aprendizaxe, cun narrador en segunda persoa e técnica depurada, penso que escrita baixo a influencia de *Señas de identidade* de Juan Goytisolo. A obra foi un éxito rotundo, merecedora dos premios da crítica galega e española e supoño que un dos títulos máis vendidos por Galaxia.

As obrigas profesionais e familiares encamiñan as nosas vidas. Compostela, que fora o noso punto de encontro, o vértice de tantos soños e historias deixou de selo. Carlos en Cangas e eu na Estrada. Vémonos pouco e ocasionalmente. A administración non o deixa en paz. A Delegación educativa de Pontevedra incóalle expediente con outros profesores. Ente eles, Ferrín, Alonso Montero e Paco Rodríguez, que logo serán indultados. El anda a voltas cos cursos de doutoramento e acode cada semana a Santiago. Don Ramón anímao a facer a tese e matina o proxecto de que co tempo fose o sucesor de Carballo Calero na cátedra universitaria. Eu ofrézolle, se iso chega a ser realidade, un piso na miña casa. Seguimos soñando como cando eramos mozos. Todas as tardes acode á Fundación Penzol para investigar. O tema da tese versa sobre os escritores ourensáns da xeración Nós, ben que o plan deseñado por Piñeiro descarrila polas dificultades de acollida exhibidas por Carballo Calero, o cal naqueles días defende as teses lusistas e nunca profesara simpatía por Casares. Unha mostra daquela tarefa investigadora de Casares foron os libríños que publicou en Conciencia de Galicia verbo de Otero Pedrayo e Vicente Risco. Hai que dicir que a documentación que proporciona non fatiga o lector, e que tanto a súa claridade expositiva como a súa amenidade se converten nun expoñente das calidades que debe ter calquera profesor universitario que se prece. Con todo, son parte dun proxecto frustrado.

O Carlos que coñecín era un home tranquilo, afable, aparentemente sosegado, incluso de movementos repousados para non darlle excesivo traballo a aquel corazón que de mozo presentía enfermo. Atraíao a vida ordenada e monótona, o parrafeo cos amigos, a lectura e o lecer. El levaba dentro un neno que necesitaba xogar no silencio pechado dun cuarto. O seu corpus seguía medrando e gañando en altísima calidade. Casares chega a ser, con seguridade, o autor máis lido en Galicia. O meu abraio vai en aumento. Decátome de que aquel rapaz tranquilo despregaba unha actividade cultural e social inmensa, que había de converterse co tempo nun home público que atende múltiples traballos e compromisos, sen que se resentise o seu labor creador. Non daba creto ao que vía, como podía vivir nesa trasfega tan contraria a ese modelo de vida de mesa de braseiro e merendiña coa que que tanto gozaba? Teño falado con el en Alacante do traballo tan intenso que levaba e pedínlle que me dese o segredo de como podía compaxinar todo,

ademais da familia e os problemas gratuítos con que a vida sorprende cada mañá. Non me contestou e o seu sorriso quedou no aire.

Tomo emprestadas as palabras de Lloreñ Villalonga: “Escribo sobre as cousas que me lembro. Seguín o esquema proustiano e tamén o método de Freud: recordamos só aquilo que nos interesa”. Estas notas, un pouco desordenadas, poden ser follas dunhas memorias dun tempo ido que agora son xa recordo que se fai nítido e claro nas galerías da alma e tamén conforto, xa que deixou o pouso firme dunha amizade perenne, forxada no alborear das conversas dos anos mozos. E seguimos xuntos, como antes, desde os apracibles anos composteláns. Sinto a calma apaisada desta mañá de outono. O ceo azul e, ao lonxe, apenas albiscado o mar. As árbores van cobrando a cor do ouro vello e neste recanto silencioso intérnome polos buracos da memoria polos que camiño áxil e polas marxes vou entrando nesa caudalosa novela-vida da que foi cronista único e piadoso.

Carlos non cambiou para os que fomos os seus amigos. Sempre facía un oco na súa apertada axenda, botabamos unha boa conversa por teléfono ou, sempre que nos viamos, atopaba un farrapo de tempo para coser a esa marabillosa colcha de lembranzas que nos vai cubrindo na soidade fría das horas. Sei que todos temos luces e sombras, virtudes e defectos, pero creo con sinceridade que foi un home bo e conciliador que coa súa liberalidade e o seu humor soubo mitigar o xuízo para non manchar nin difamar a ninguén. O Carlos que eu tratei na miña Compostela foi sempre o amigo que me acompañou ao longo dos anos. Creo que nas moradas interiores do seu corazón sempre alumeou esa luciña que non se apagou na noite escura.